



PROBA DE APTITUDES MUSICAIS PARA ACCEDER AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

(Esta proba non presupón coñecementos previos)

CONTIDOS

- Test rítmicos (40% da nota final): O profesor tocará cun lápiz ou instrumento de pequena percusión varias fórmulas rítmicas e o aspirante terá que repetilas exactamente igual.
- Test de entoación (40% da nota final): O profesor tocará ó piano varios movementos melódicos e o aspirante terá que repetilos coa súa propia voz.
- Test de psicomotricidade (20% da nota final): O profesor realizará exercicios con alternancia de mans e pés e exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.
 - Todos os test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.
 - Ningún test será eliminatorio.
 - Os contidos dos test están adaptados ás diferentes idades do alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Aínda que non existe una coincidencia de criterios á hora de demostrar cientificamente a natureza das aptitudes musicais, é evidente que as aptitudes rítmicas e auditivas son básicas e esenciais para progresar na interpretación musical. Por outra parte, parecen as máis axeitadas para realizar una valoración obxectiva das condicións que os nenos e nenas posúen por natureza.

A proba está baseada en exemplos de imitación rítmica e melódica, ademáis de coordinación motora.

En cada un dos exercicios establécese unha orde de dificultade progresiva para facilitar una mellor matización nas valoracións dos resultados.

Terase en conta a precisión rítmica e a regularidade do pulso, así como a entoación e a afinación nos exemplos melódicos.